

CONVOCATORIA XERAL DE TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG)

GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

GRAO EN XORNALISMO

DOBRE GRAO EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

De acordo co Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, a Comisión Académica e de TFG da Facultade de Ciencias da Comunicación publica o procedemento para a asignación dos titores/as e liñas temáticas que poderán desenvolverse na elaboración dos TFG correspondentes ao curso 2024/2025.

A oferta das liñas temáticas para os TFG neste curso académico trata de cumprir cun dobre obxectivo: por un lado, que o alumnado realice o seu traballo na liña que máis lle motive, fomentando a súa creatividade; e, por outra parte, fortalecendo a modalidade aberta para que o alumnado que non teña aínda unha idea clara, poida atopar unha titorización nesta ampla e variada oferta do profesorado.

Ao mesmo tempo, procurárase equilibrar o número de estudantes que poderá titorizar cada docente nun curso académico (un máximo de 8 estudantes nas áreas de Xornalismo e Comunicación Audiovisual e Publicidade e de 4 estudantes noutras áreas de coñecemento).

O profesorado das áreas de Xornalismo e Comunicación Audiovisual e Publicidade reservarán un mínimo de 3 prazas para a asignación de TFG individuais.

ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR/A DO TFG

1 – CALENDARIO

A convocatoria de asignación desenvolverase de acordo co calendario establecido no [Anexo I](#).

Para o alumnado que matricule o TFG no período de ampliación de matrícula do segundo cuatrimestre publicarase un calendario específico, no que poderá solicitar a asignación dalgunha das liñas temáticas dispoñibles.

2 – REQUISITOS

Estar matriculado no TFG durante o curso 2024/2025.

3 – ASIGNACIÓN DE LIÑAS TEMÁTICAS E TITORES/AS

3.1 – TRABALLOS EN GRUPO

O alumnado poderá presentar as súas propostas de TFG en grupo (**mínimo de 2 e máximo de 5 alumnos/as**), consensuadas co profesorado dentro das liñas temáticas ofertadas, a través da **SECRETARÍA VIRTUAL do 10 ao 14 de outubro de 2024 (ambos incluídos)**.

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Propostas do TFG na Secretaría Virtual do Alumnado \(SVA\)](#).

A proposta consensuada do TFG deberá incluír a liña temática do traballo, o nome do/a titor/a e os nomes dos/as alumnos/as que fan a proposta, unha breve descrición dos obxectivos, metodoloxía ou método de traballo, fases do traballo e referencias bibliográficas básicas.

Este documento ([Anexo II](#)), en formato PDF, terá que ser anexado por cada alumno no momento de facer a súa proposta de TFG a través da Secretaría Virtual.

Rematado o prazo de solicitudes o profesorado deberá aceptar ou rexeitar, durante o **15 de outubro de 2024**, as propostas de TFG en grupo a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI). Asemade, deberá rexeitar as solicitudes individuais, que serán asignadas exclusivamente na modalidade aberta.

O **16 de outubro de 2024** o decanato publicará a resolución provisional de asignación dos TFG en grupo.

Contra esta resolución provisional o alumnado poderá presentar unha reclamación no decanato (cc.comunicacion.decanato@usc.es) **do 17 ao 18 de outubro de 2024 (ambos incluídos)**.

O alumnado que presentara unha proposta consensuada en grupo que fose rexeitada poderá presentar a mesma proposta ou unha distinta a outro titor ou titora, dentro das liñas temáticas ofertadas, a través da **SECRETARÍA VIRTUAL** durante o prazo de reclamacións.

Esta nova proposta ([Anexo II](#)), en formato PDF, terá que ser anexada por cada alumno no momento de facer a nova solicitude de TFG a través da Secretaría Virtual.

O profesorado deberá aceptar ou rexeitar, durante o **21 de outubro de 2024**, as novas propostas de TFG en grupo a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI).

O **22 de outubro de 2024** o decanato publicará a resolución definitiva da asignación dos TFG en grupo.

O alumnado que presentara unha proposta de TFG en grupo que fose rexeitada na resolución definitiva terá que solicitar a asignación dun TFG individual na modalidade aberta.

3.2 - RENOVACIÓNS

O alumnado matriculado en cursos anteriores que non superara o TFG poderá solicitar a renovación da liña temática e titor/a a través da **SECRETARÍA VIRTUAL** **do 10 ao 14 de outubro de 2024**.

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Propostas do TFG na Secretaría Virtual do Alumnado \(SVA\)](#). *(Este alumnado non ten que subir á Secretaría Virtual o documento Anexo II)*.

Rematado o prazo de solicitudes o profesorado deberá aceptar ou rexeitar, durante o **15 de outubro de 2024**, as solicitudes de renovación a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI).

O **16 de outubro de 2024** o decanato publicará a resolución provisional de renovación dos TFG.

Contra esta resolución provisional o alumnado poderá presentar unha reclamación no decanato (cc.comunicacion.decanato@usc.es) **do 17 ao 18 de outubro de 2024 (ambos incluídos)**.

O **22 de outubro de 2024** o decanato publicará a resolución definitiva de renovación dos TFG.

O alumnado que presentara unha solicitude de renovación de TFG que fose rexeitada na resolución definitiva terá que solicitar a asignación dun TFG individual na modalidade aberta.

3.3 – TRABALLOS INDIVIDUAIS (Modalidade aberta)

O alumnado que solicite a asignación do TFG individual deberá presentar unha solicitude coa súa prioridade para a asignación das liñas temáticas que oferte o profesorado para a súa titulación pola modalidade aberta ([Anexo III](#)).

A asignación de liña temática na modalidade aberta farase por nota media de expediente ata cubrir as prazas que teña dispoñibles cada titor/a.

O alumnado que estea a cursar algunha das mencións dos Graos terá preferencia na asignación das liñas temáticas vinculadas á mención que estea cursando.

As solicitudes de asignación de tema e titor/a de TFG pola modalidade aberta realizaranse a través dun [FORMULARIO ELECTRÓNICO](#), que estará aberto **do 10 ao 25 de outubro de 2024 (ambos incluídos)**. *(No caso de que se presente máis dunha solicitude por alumno/a só se terá en conta a última).*

O **29 de outubro de 2024** o decanato publicará a asignación provisoria da modalidade aberta xunto cunha relación do alumnado solicitante, ordenado pola nota media que figure no expediente académico o día da publicación da convocatoria.

O alumnado que non acadase inicialmente a asignación de tema e titor/a, por quedar cubertas todas as prazas dun titor/a por alumnado con mellor media de expediente, poderá solicitar algunhas das liñas temáticas dispoñibles no prazo de reclamacións do **30 de outubro de 2024**.

O **31 de outubro de 2024** publicarase a asignación definitiva da modalidade aberta.

O alumnado ao que se lle asigne una TFG individual na modalidade aberta terá que cumprimentar e subir á [SECRETARÍA VIRTUAL](#), **do 1 ao 15 de novembro de 2024**, o [Anexo II](#) (en formato PDF), logo de consensuar co titor/a os obxectivos do TFG, metodoloxía ou método de traballo, fases do traballo e referencias bibliográficas básicas.

Neste mesmo prazo o profesorado deberá aceptar as propostas individuais consensuadas co alumnado a través da Secretaría Virtual do PDI (SVPDI).

PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TFG

1 – CALENDARIO

A solicitude de defensa do TFG poderá presentarse nos prazos establecidos para cada oportunidade (febreiro, xullo e setembro) no [Calendario de Presentación e Defensa do TFG](#).

2 – REQUISITOS

Para presentar a solicitude de defensa do TFG é requisito imprescindible ter superado todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios do TFG.

3 – TIPOLOXÍA E FORMAS DE PRESENTACIÓN DO TFG

O alumnado poderá desenvolver o TFG en calquera dos formatos establecidos na programación docente desta materia.

4 – PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O alumnado poderá presentar a solicitude de defensa do TFG, a través da [SECRETARÍA VIRTUAL](#), nos seguintes prazos:

OPORTUNIDADE	PRAZO
Febreiro	17/01/2025 – 23/01/2025
Xullo	06/06/2025 – 12/06/2025
Setembro	23/07/2025 – 28/07/2025

Na INTRANET da facultade poden consultar o [Manual de Solicitudes de Defensa dos TFG na Secretaría Virtual do Alumnado \(SVA\)](#)

5 – AVALIACIÓN

De acordo cos Regulamentos dos Traballos de Fin de Grao (TFG) dos estudos oficiais de grao da facultade, os TFG poderán ser avaliados en defensa pública por un tribunal ou polos titores e titoras.

No momento de facer a solicitude de defensa a través da Secretaría Virtual o alumnado terá que optar por ser avaliado por un tribunal ou polo seu titor ou titora. Neste suposto, o/a titor/a será o encargado/a da avaliación e cualificación, que non poderá ser superior a Notable (8,9).

LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DESTA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publícase no Taboleiro electrónico da USC.

De conformidade co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as sucesivas comunicacións realizaranse a través da Intranet da Facultade de Ciencias da Comunicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A decana

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA ISABEL RODRIGUEZ VAZQUEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/10/2024 14:49:40.

CSV: B575-6CDE-476A-8F67